

FERMOSA E CRUEL

Son unha filla fea. Son a que ninguén vén buscar. Nenny di que non vai estar toda a vida agardando que a veña buscar un marido, que a irmá de Minerva marchou da casa da nai porque tivera un neno, pero que ela non quere marchar dese xeito. Quere ter cousas de seu, poder escoller. Nenny ten uns ollos preciosos e calquera fala dese xeito se é guapa.

Miña nai di que así que medre asentaráseme o pelo poeirento e as miñas blusas aprenderán a manterse limpas, pero eu decidín non me deixar domesticar coma as demais, que pousan o pescozo agardando polos grillóns.

Nas películas sempre hai unha muller de beizos vermellos vermellos que é fermosa e cruel. E a que volve tolos os homes e ademáis rise deles. O seu poder é só seu. Non o cede.

Comecei a miña propia guerra silenciosa.

Simple. Segura. Son a que se levanta da mesa igual ca un home, sen volver poñer a cadeira no sitio nin recoller o prato.

SANDRA CISNEROS, *A casa de Mango Street*,
Rinoceronte, Cangas, 2005, p. 84.